

Lalínkmcero

Contratación



Concello de Lalín

CONTRATO ADMINISTRATIVO DA OBRA: "REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO. LALIN" (EE3466/2018):

Na Casa consistorial, en Lalín (Pontevedra), o día 22 de xaneiro de 2019, reúnense para formalizar o contrato administrativo das obras denominadas **"REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO. LALIN"**:

Dunha parte, en representación do Concello de Lalín, con CIF P 3602400H, **D. RAFAEL CUIÑA APARICIO**, maior de idade, con DNI núm. 76.814.913-L, Alcalde de Lalín. Atópase asistido polo Secretario, D. Cesar López Arribas quen da fe do acto.

Doutra parte, **D. PABLO PÉREZ RODRÍGUEZ**, maior de idade, con DNI núm.44075515-V en representación da empresa **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L** con CIF B36162030 e domicilio no Polígono Industrial A Reigosa Parcela P-12, Pontecaldeas, na súa condición de administrador, en virtude de escritura outorgada ante o notario D. Luis Darriex de Ben o día 20 de febreiro de 2014 e número de protocolo 293, respecto da cal manifesta que non se produciron variacións.

ANTECEDENTES


A Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 17 de setembro de 2018 acordou aprobar o expediente de contratación e o prego de cláusulas administrativas particulares para a tramitación do expediente por procedemento aberto simplificado, na modalidade establecida no apartado 6 do artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público (en diante LCSP).

Con data 27 de decembro a Mesa de Contatación acordou clasificar as proposicións presentadas e requirirlle a **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L** con CIF B36162030, licitador que presentou a oferta economicamente máis vantaxosa, a documentación prevista no o artigo 140 da LCSP.

Tramitado o expediente e cumprimentados os trámites e requirimentos esixidos no artigo 150 do LCSP, a Xunta de Goberno Local o día 11 de xaneiro de 2019 acordou adxudicarlle o contrato polo importe de 30.315,58 euros máis a partida de 6.366,27 euros, correspondente ao IVE, resultando un importe total 36.681,85 euros, por ser a oferta economicamente máis vantaxosa e que cumpre cos requisitos establecidos no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Proxecto Técnico que rexen esta licitación.

Ámbalas dúas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para





Lalínkercero

Contratación



Concello de Lalín

outorgar este contrato con base nas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira: A empresa **CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA S.L** con CIF B36162030 comprométese a realizar as obras denominadas **“REPOSICIÓN DE BEIRARRÚAS NA RÚA ALCALDE FERREIRO. LALIN”** consonte ao establecido na súa oferta económica, no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Proxecto Técnico, redactado polo Arquitecto Técnico Municipal, así como demais documentos, planos e informes que forman parte do expediente. Ámbalas dúas partes manifestan coñecer e aceptar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares como lei fundamental do contrato e cuxas copias asinan neste acto e incorporan ao presente contrato.

Segunda: O prezo do contrato é de 30.315,58 euros máis a partida de 6.366,27 euros, correspondente ao IVE, resultando un importe total 36.681,85 euros, conforme á oferta presentada polo adxudicatario que se xunta a este contrato e se asina no presente acto.


O Concello comprométese a pagar o prezo do contrato mediante certificacións mensuais dos traballos efectuados, consonte co establecido no apartado T) do Anexo I: Cadro de Características do Contrato.


Terceira: O prazo de execución das obras é de dous (2) meses a contar desde o día da sinatura da acta de comprobación de replanteo. En todo caso, tal e como sinala a cláusula 27 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares: “o prazo para a sinatura da acta de comprobación de replanteo non poderá ser superior a 15 días hábiles a contar desde a data da formalización do contrato”.

Cuarta: Consonte co establecido na cláusula 16 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares o contratista depositou na Tesourería Municipal, o día 20 de decembro de 2018 aval por importe de 1.515,78 € en concepto de garantía definitiva.

Quinta: As partes comprométense ao exacto cumprimento do contrato segundo o establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e no Proxecto Técnico. Serán de aplicación supletoria o establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público e a súa normativa de desenvolvemento. Este contrato ten carácter administrativo a todos os efectos, correspondéndolle á xurisdición contencioso-administrativa o coñecemento dos litixios que xurdan na interpretación, aplicación e resolución do mesmo.

Despois da lectura deste contrato, os outorgantes reafírmanse e ratifícanse no seu contido, asínano por triplicado e para un só efecto, do que, como Secretario, dou fe.





Laínkmcero

Contratación



Concello de Lalín

O Secretario Xeral
César López Arribas

O Alcalde
Rafael Cuiña Aparicio

Documento asinado dixitalmente

D. Pablo Pérez Rodríguez,
DNI 44075515-V



3/3



